

Dirección Xeral de Formación Profesional

Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia

Programación de Música de Cámara

Centro: CMUS Xan Viaño de Ferrol

Curso: 2023- 2024



Índice

1.	Introdución.....	3
2.	Metodoloxía.....	4
3.	Atención á diversidade	5
4.	Temas transversais	7
	4.1.Educación en valores.....	7
	4.2.Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC ´s).....	7
5.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	9
6.	Secuenciación e organización da materia	10
7.	Obxectivos.....	11
	7.1.Obxectivos Xerais.....	11
	7.2.Obxectivos Específicos.....	11
8.	Contidos.....	12
9.	Avaliación.....	13
	9.1.Criterios de avaliación.....	13
	9.2.Mínimos esixibles.....	15
	9.3.Procedementos e ferramentas de avaliación	16
	9.4.Criterios de cualificación.....	17
	9.5.Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	19
	9.6.Medidas de recuperación.....	19
	9.7.Procedementos de recuperación ordinarios.....	20
	9.8.Probas extraordinarias.....	20
10.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	21
11.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación	22
	ANEXO I: Recursos didácticos orientativos.....	23
	ANEXO II: Probas de acceso a 3º , 4º, 5º e 6º de G.P.....	28
	ANEXO III: Modelo de calibración: rúbrica.....	29

1. Introducción

Segundo o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de música, a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Así mesmo, a citada Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas, cuxa finalidade é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais.

Este decreto regula o currículo das ensinanzas profesionais de música acorde ao establecido na artigo 48.2º da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e integra o establecido no Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música. É de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia, nos conservatorios profesionais de música e nos centros autorizados de música que contén coa autorización para a impartición do grao profesional de música.

Dita programación da concreción aos decretos mencionados a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo dos docentes deste departamento no CMUS “Xan Viaño” de Ferrol.

2. Metodoloxía

A metodoloxía desta programación está baseada na aprendizaxe significativa e funcional. A metodoloxía debe establecer os seguintes criterios:

- Sempre se tomará como punto de partida o nivel de desenvolvemento do alumnado.
- Débese fomentar a capacidade de aprender por sí mesmo.
- Débese favorecer a motivación intrínseca.
- O alumnado é o centro do proceso.
- A atención á diversidade estará integrada na planificación e na práctica.
- O plantexamento dos procesos de ensinanza e aprendizaxe deben ter un carácter integrador.
- A mediación é o papel que debe adoirar o docente. A partir das necesidades e características do alumnado xirará e se caracterizará o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

As condicións que se teñen que dar para que os alumnos e alumnas aprendan de forma significativa se explican da seguinte forma:

- É preciso que o material que debe aprender se preste a eso, que sexa potencialmente significativo. É dicir, trátase de que a información, o contido que se lle propón, sexa significativo desde o punto de vista da súa estrutura interna, que sexa coherente, claro e organizado, non arbitrario e confuso.
- Requírese que dispoña dos coñecementos previos pertinentes que lle van a permitir abordar a nova aprendizaxe.
- Fai falla unha actitude favorable á realización de aprendizaxes significativos. En efecto, a aprendizaxe significativa require unha gran actividade para o que os alumnose as alumnas deben estar suficientemente motivados.

3. Atención á diversidade

O ACNEAE, ou alumnado con necesidades específicas de apoio educativo é todo aquel que precisa unha atención educativa diferente á ordinaria. Inclúe a alumnado con necesidades educativas especiais (NEE), con dificultades específicas de aprendizaxe (DEA), con trastorno por déficit de atención con ou sen hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, alumnado con incorporación tardía ao sistema educativo ou con condicións persoais ou de historia escolar particulares.

O ACNEE, ou alumnado con necesidades educativas especiais é aquel con trastornos graves da conducta, que está no espectro autista ou cunha discapacidade física, mental, visual, auditiva... Este alumnado contará cun informe de avaliación psicopedagóxica e ditame de escolarización na escola ou instituto, así coma un plan de traballo individualizado de ser preciso.

As medidas de atención á diversidade inclúen apoio e comunicación co alumnado, asesoramento na simultaneidade cos estudos xerais ou varias especialidades, ampliación ou anulación de matrícula, desenvolvemento de técnicas de estudo, comunicación e colaboración con familias, adaptación de instalacións, etc.

No caso da música de cámara a orientación dos estudos do alumnado pode ser variable, polo que será de vital importancia a atención á diversidade a todos eles para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz. A vía para o tratamento da diversidade é a adaptación curricular, que é o conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dunha alumna ou alumno ou dun grupo determinado.

Dependendo das circunstancias que se presenten na aula, o profesor ou profesora poderá plantear as seguintes estratexias:

- Adaptacións do material didáctico
- Propoñer actividades de traballo alternativas.
- Organizar o traballo de forma flexible.

A partir desta Programación Didáctica elaborada polo Departamento, cada profesor terá a oportunidade de deseñar as súas propias actividades. Os mesmos contidos pódense atopar en distintos estudos e/ou obras do repertorio polo que é conveniente ampliar ao máximo o abanico de obras onde elixir.

Para poder aplicar as medidas de adaptación máis convenientes será fundamental como se mencionou anteriormente, a **avaliación inicial**, así como o contacto diario na

sesión de clase e a comunicación coas familias, para poder reaccionar rapidamente ante un cambio de situación.

Neste aspecto seguirase o indicado no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Dende o centro educativo estableceranse nas normas de organización e funcionamento os procedementos para a aplicación dos protocolos e recollerán as actuacións ante situacións de des-escolarización, absentismo e/ou abandono escolar temperán, como o control e rexistro das incidencias na asistencia do alumnado aos centros escolares, a información ás nais, pais ou tutores e titoras legais do alumnado e intervención ante a detección de casos e, se procede, o traslado da información á Inspección Educativa por parte da dirección do centro.

4. Temas transversais

1. Educación en valores

Tódalas materias instrumentais/vocais grupais levarán consigo todo un exercicio de adaptación ao grupo e de aceptación doutros instrumentistas, fomentando as relacións humanas entre os alumnos/as, estimulando as capacidades múltiples de comunicación, coñecemento, colaboración, identidade persoal e autoestima.

Nesta programación os temas transversais tratados son aqueles que van influír na conduta do alumnado. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal como para o desenvolvemento dunha sociedade libre, democrática, respectuosa co medio e tolerante.

A educación en valores trabállase de forma continua ao longo de todo o proceso do ensino, pero especialmente na participación nas actividades propostas para conmemorar por exemplo o día dos dereitos humanos ou da muller traballadora. A educación en valores inclúe os valores musicais, da personalidade, da privacidade (online e off-line), do respecto e do compañeirismo.

2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación(TIC ´s)

O uso de TIC en entornas educativas busca instruír e orientar ao alumnado, motivalo, incentivar a súa capacidade investigadora e a súa creatividade. Para isto resultaría axeitado que o centro dispuxera de equipos de reprodución de son de calidade, dun equipo de gravación da maior calidade posible, cámara de gravación de vídeo, pantalla de proxección, numerosos equipos informáticos, acceso á Internet, etc.

A rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos en bibliotecas, busca de artigos especializados, de partituras, arquivos de vídeo ou audio, etc. Onoso traballo tamén consiste en empregar a maioría de elementos tecnolóxicos e achegalos a unha forma de traballo máis especializado, é dicir, buscar usos máis precisos e profesionais. A maioría de alumnado xa dispón das mesmas tecnoloxías, incluso en maior calidade, nas súas casas (en ocasións o mesmo teléfono móbil ou tableta que traen á clase), polo que se trata de elementos cos que xa están familiarizados.

No caso de que por algunha razón o alumnado non dispoña de coñecementos de

TIC que lle permitan o seu desenvolvemento normal na clase poderase dedicar unha sesión de clase ou unha titoría para familiarizalo con esas tecnoloxías, empregando a biblioteca do centro, recursos da aula de instrumento, recursos do profesorado, etc.

A aula será un espazo onde en certas ocasións se poderán empregar teléfonos móbiles ou tabletas, sempre para un uso pedagóxico: busca de información na rede, vídeos, música, metrónomo, gravacións... Nestas circunstancias as notificacións do dispositivo deberán estar desactivadas.

O uso das TIC na materia será frecuente. A súa base na internet será a aula virtual na que o alumnado terá acceso tanto a actividades obrigatorias como de ampliación ou reforzo. Entre outros estas consisten de:

- Artigos para a súa lectura e reflexión.
- Vídeos seleccionados que inclúen un formulario con preguntas.
- Artigos sobre a historia do instrumento.
- Actividade de realización dun vídeo coa interpretación, análise, etc. dunha obra do instrumento.

O alumnado terá a posibilidade de participar nesta aula virtual así como na canle de YouTube do centro. Nestes espazos na rede o alumnado terá un posible punto de encontro profesorado e compañeiros para compartir inquietudes, vídeos do seu progreso, etc.

No caso de gravacións, realizaranse sempre con fins pedagóxicos e requirirase o consentimento por escrito do alumnado e das súas familias no caso dos menores.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.

Estas actividades estarán organizadas ou coordinadas polo centro, ou colaborando con outras entidades alleas, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similar, concertos fora do centro, etc.. Os alumnos e as alumnas e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de todos os datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para incentivar aos alumnos e ás alumnas e mellorar a súa educación, se resaltarán, ademais valores de respecto e convivencia, entre outros.

En función do calendario lectivo e o transcurso da actividade educativa poderanse incorporar á programación diferentes actividades que enriquezan o proceso de aprendizaxe:

Audicións. Fomentárase que o alumnado participe en audicións e concertos organizados dentro e fora do centro tanto dende o departamento como dende outros. Neste senso, cabe a posibilidade de programar intercambios con outros centros da Comunidade ou, se fora posible, con outras Comunidades Autónomas.

Asistencia a concertos. Resultan positivos en todas as súas variedades: concertos de profesores ou de profesoras, de agrupacións musicais do propio centro, de conxuntos doutros conservatorios, de orquestras profesionais, solistas internacionais, etc

Asistencia a cursos e talleres con profesorado convidado. Favorece a apertura a outros procesos pedagóxicos e o contacto con alumnado pertencente a outras comunidades educativas.

Visitas culturais: o centro poderá organizar saídas cunha finalidade artístico-cultural, nas que se facilite a convivencia entre o alumnado e o profesorado do centro.

Programación de audicións comentadas: na medida que permitan os recursos do centro, ou as posibles achegas do corpo docente, resultan moi estimulantes as proxeccións de vídeos ou a reprodución de discos de grandes obras e intérpretes, introducidos e comentados polo profesor ou pola profesora.

A **canle de Youtube** será un elemento de promoción da especialidade e do centro, coa posibilidade de que o alumnado comparta con outros a través das redes sociais ou

fora delas o seu traballo tomando sempre as medidas necesarias de protección dos alumnos e as alumnas do centro

6. Secuenciación e organización da materia.

A materia de Música de Cámara abarca alumnado de cursos e especialidades diversos:

- Canto: 3º, 4º, 5º, 6º de Grao Profesional
- Resto de especialidades: 5º e 6º de Grao Profesional

Ó comenzo do curso, os alumnos son agrupados segundo diferentes criterios, entre osque se atopan:

1. Formación de agrupacións camerísticas consagradas en función do seu repertorio:

- . Cuarteto de Corda
- . Quinteto de Vento
- . Quinteto de metais
- . Trío con piano

2. Combinación de diferentes familias instrumentais, atendendo ao repertorio musical de esta asignatura.

3. Na medida do posible, a organización dos grupos se axustará ás propostas presentadas polo profesorado que vai impartir dita materia basadas nos criterios pedagóxicos de cada un deles.

A formación de grupos recolle, polo tanto, unha variedade enorme de combinacións, e na maioría dos casos incluírá alumnos e alumnas de diferentes cursos no mesmo grupo. Por este motivo, esta programación debe entenderse sempre considerando estes aspectos, e a súa aplicación realizarase tendo en conta o nivel instrumental ou vocal individual do alumnado implicado. Por esta mesma razón, só se contempla a secuenciación dun curso da materia.

7. Obxectivos

7.1. Obxectivos xerais de Música de Cámara:

Os obxectivos xerais da L.O.E. para a asignatura de Música de Cámara no Grao Profesional contribuirán ao desenvolvemento das seguintes capacidades no alumnado:

- a) Valorar a música de cámara como un aspecto fundamental da formación musical e instrumental.
- b) Aplicar en todo momento a audición polifónica para escoitar simultaneamente as diferentes partes ao mesmo tempo que se executa a propia.
- c) Utilizar unha ampla e variada gama sonora de xeito que o axuste do son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto y das necesidades estilísticas e interpretativas da obra.
- d) Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada sen director ou directora

7.2. Obxectivos específicos de Música de Cámara:

A ensinanza da práctica de Música de Cámara no grao profesional terá como obxectivo contribuir ao desenvolvemento das seguintes capacidades no alumnado:

1. Valorar a música de cámara como un aspecto fundamental na formación musical e instrumental do alumnado que permita coñecer as características técnicas e expresivas doutros instrumentos.
2. Desenvolver progresivamente maior sensibilidade auditiva a través da escoita activa que fomente a búsqueda permanente da calidade sonora e unifique o criterio estético.
3. Interpretar en público e dentro de agrupacións de diversa configuración

- obras das grandes correntes estilísticas, con autocontrol e capacidade de comunicación.
4. Desenvolver progresivamente a autonomía necesaria para a resolución de dificultades durante a interpretación.
 5. Adquirir e profundizar na comunicación xestual para unha coordinación grupal efectiva.
 6. Asumir o rol correspondente dentro da agrupación que fomente a cooperación ea capacidade de adaptación no grupo.
 7. Ler a primeira vista obras de dificultade acorde ao nivel para mellorar a autonomía no traballo individual e a integración no grupo.
 8. Fomentar a participación nas actividades propostas dentro da asignatura.

8. Contidos

- A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, golpes de arco, afinación, articulación, ritmo e fraseo.
- Traballo permanente da agónica no repertorio.
- Dominio dunha ampla gama de dinámicas.
- Búsqueda dun equilibrio sonoro para a mellora permanente da sonoridade do grupo.
- Demostración dunha autonomía propia e resolutiva.
- Seguridade técnica e interpretativa do repertorio
- Traballo da expresividade e musicalidade en obras de estilos diferentes.
- Comunicación textual.
- Coordinación grupal.
- Análise e interpretación de obras do repertorio de música de cámara que inclúan diferentes estilos.
- Traballo dos diferentes roles dentro da agrupación
- Lectura a primeira vista de pequenas obras do repertorio.
- Protocolo de audicións.
- Participación e cooperación no desenvolvemento da asignatura.

9. Avaliación

O profesor avaliará aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora, e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como as probas realizadas, a súa asistencia e actitude.

Ao comezo do curso o profesor realizará unha avaliación inicial co fin de detectar o nivel dos alumnos en función das súas capacidades, actitudes e coñecementos na búsqueda dun equilibrio homoxéneo das formacións camerísticas. Dita avaliación consistirá nunha valoración do nivel técnico e interpretativo de cada un deles. Así mesmo, recollerase información do coñecemento, por parte do alumnado, do repertorio específico da propia formación. A información obtida nos permitirá adaptar os novos contidos, o repertorio, e as actividades á realidade do noso alumnado, asegurando unha asimilación axeitada.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso

9.1. Criterios de avaliación:

- 1. Interpretar obras de distintas épocas e estilos dentro da agrupación correspondente. *IA 1a: Adapta a interpretación ao estilo correspondente comprendendo o fraseo e a organización interna de todos os elementos musicais.*
IA 1b: Mostra capacidade expresiva e de comunicación.
- 2. Actuar como responsable do grupo dirixindo a interpretación colectiva mentres realiza a súa parte.
IA 2a: Asume e exerce o seu rol dentro da agrupación.

IA 2b: Mantén conexión visual co grupo e fai uso da comunicación xestual de maneira efectiva.

- 3. Buscar de xeito permanente a calidade sonora durante a interpretación, incluíndo todos aqueles aspectos que a configuran.

IA 3a: Realiza unha escoita activa en relación a afinación, igualdade nos ataques, articulación, empaste, timbre e demais elementos que interveñen no fraseo (respiracións, liña melódica, planos sonoros, agónica...).

IA 3b: Domina unha ampla gama dinámica no seu instrumento e adáptaa ao conxunto e á esixencia interpretativa da obra.

IA 2c: Mantén un tempo uniforme; acelera e retrasa cando así se require, coordina as entradas e finais con seguridade e exactitude.

- 4. Ler a primeira vista unha obra de pequena dificultade dentro da agrupación correspondente.

IA 4a: Le as notas con fluidez, mantén a coherencia rítmica e demostracomprensión sobre a organización das frases musicais.

- 5. Estudar na casa as obras correspondentes ao repertorio programado.

IA 5a: Realiza con responsabilidade o seu traballo individual resolvendo as cuestións técnicas específicas e adquirindo a independencia e seguridade suficiente para o progreso do traballo cooperativo.

- 6. Interpretar en público obras de estilos e épocas diversas incorporando todo o traballo técnico-interpretativo levado a cabo.
- 7. Coñecer e cumprir co protocolo de audición pública (vestimenta axeitada á ocasión, quencemento, colocación no escenario, afianción, preparación, presenza escénica, saúdos).
- 8. Demostrar personalidade artística mostrando o seu propio gusto e criterio e realizando aportacións á interpretación dentro da liberdade que permita o texto.
- 9. Desenvolver un sentido da responsabilidade, da empatía, da cooperación e do respecto polo traballo alleo.

9.2. Mínimos esixibles.

Os mínimos esixibles están basados nos criterios de avaliación desta programación econforman o 50% da calificación necesaria para superar o curso:

- 1. Interpretar obras de distintas épocas e estilos dentro da agrupación correspondente.
IA 1b: Mostra capacidade expresiva e de comunicación.
- 2. Actuar como responsable do grupo dirixindo a interpretación colectiva mentres realiza a súa parte.
IA 2a: Asume e exerce o seu rol dentro da agrupación.
IA 2b: Mantén conexión visual co grupo e fai uso da comunicación xestual de maneira efectiva.
- 3. Buscar de xeito permanente a calidade sonora durante a interpretación, incluíndotodos aqueles aspectos que a configuran.
IA 3a: Realiza unha escoita activa en relación a afinación, igualdade nos ataques, articulación, empaste, timbre e demais elementos que interveñen no fraseo (respiracións, liña melódica, planos sonoros, agónica...).
IA 3b: Domina unha ampla gama dinámica no seu instrumento e adaptaa ao conxunto e á esixencia interpretativa da obra.
IA 2c: Mantén un tempo uniforme; acelera e retrasa cando así se require, coordina as entradas e finais con seguridade i exactitude.
- 4. Ler a primeira vista unha obra de pequena dificultade dentro da agrupación correspondente.
IA 4a: Le as notas con fluidez, mantén a coherencia rítmica e demostracompreensión sobre a organización das frases musicais.
- 5. Estudar na casa as obras correspondentes ao repertorio programado.
IA 5a: Realiza con responsabilidade o seu traballo individual resolvendo as cuestións técnicas específicas e adquirindo a independencia e seguridade suficiente para o progreso do traballo cooperativo.
- 6. Interpretar en público obras de estilos i épocas diversas incorporando todo o

traballo técnico-interpretativo levado a cabo.

- 7. Coñecer e cumprir co protocolo de audición pública (vestimenta axeitada á ocasión, quencemento, colocación no escenario, afianción, preparación, presenza escénica, saúdos).
- 8. Demostrar personalidade artística mostrando o seu propio gusto e criterio e realizando aportacións á interpretación dentro da liberdade que permita o texto.
- 9. Desenvolver un sentido da responsabilidade, da empatía, da cooperación e do respecto polo traballo alleo.

9.3.Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación será preferentemente formativa, continua e integradora, utilizando aqueles procedementos e instrumentos de avaliación necesarios para cada unha dos momentos necesarios:

1. Observación sistemática da actitude do alumnado na clase, proba, concerto..., do seu grao de participación, da realización da actividades de aula, realización das tarefas individuais, da súa integración no grupo...
1. Producións: análise de partituras, lecturas a vista, práctica xestual, traballo de repertorio...
2. Verbalizacións, como poden ser as postas en común de traballos de grupo, debates sobre actuacións e audicións...
3. Probas específicas, como as interpretacións individuais e/ou colectivas dentro da agrupacións, repentizacións...

Disporemos de tres trimestres, nos que se tratará de abranguer obras de diferentes estéticas, formas musicais e con dificultades adaptadas ao nivel xeral do grupo.

Ao inicio do curso, co obxectivo de coñecer o nivel do alumnado e para acadar unha correcta compensación da agrupación, o profesor ou profesora realizará unha avaliación inicial de cada alumno e do propio grupo.

Posteriormente, durante o proceso de ensinanza - aprendizaxe, aproveitaremos da avaliación formativa para analizar a evolución do alumnado en función da programación . Ao remate do curso, realizaremos a avaliación final, reflectida no correspondente boletín de notas coas cualificacións correspondentes ao desenvolvemento e a evolución do alumnado ao longo do curso.

Grazas á avaliación continua poderemos calificar ao alumnado respecto aos seguintes criterios de repertorio e práctica:

- Calidade dos traballos e tarefas realizadas durante o curso.
- Observación directa a través da recollida diaria de datos no libro do Profesor.
- Observación do alumnado nas audicións públicas.
- Observación do alumnado sobre aqueles contidos traballados na aula.
- Participación na clase e actitude perante o resto do grupo.

9.4. Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación a seguir están basados nos criterios de avaliación e serán os seguintes:

1. TÉCNICOS (30%):

CA3. Buscar de xeito permanente a calidade sonora durante a interpretación, incluíndo todos aqueles aspectos que a configuran. **(15%)**

IA 3a: Realiza unha escoita activa en relación a afinación, igualdade nos ataques, articularción, empaste, timbre e demais elementos que interveñen no fraseo (respiracións, liña melódica, planos sonoros, agónica...).

IA 3b: Domina unha ampla gama dinámica no seu instrumento e adaptación conxunta e á esixencia interpretativa da obra.

IA 2c: Mantén un tempo uniforme; acelera e retrasa cando así se require, coordina as entradas e finais con seguridade e exactitude.

CA4. Ler a primeira vista unha obra de pequena dificultade dentro da agrupación correspondente. **(5%)**

IA 4a: Le as notas con fluidez, mantén a coherencia rítmica e demostracomprensión sobre a organización das frases musicais.

CA5. Estudar na casa as obras correspondentes ao repertorio programado. **(10%)**

IA 5a: Realiza con responsabilidade o seu traballo individual resolvendoas cuestións técnicas específicas e adquirindo a independencia e seguridade suficiente para o progreso do traballo

cooperativo.

2. INTERPRETATIVOS (60%):

CA1. Interpretar obras de distintas épocas e estilos dentro da agrupación correspondente. (20%)

IA 1a: Adapta a interpretación ao estilo correspondente comprendendo o fraseo e a organización interna de todos os elementos musicais.

IA 1b: Mostra capacidade expresiva e de comunicación.

CA2. Actuar como responsable do grupo dirixindo a interpretación colectivamente realiza a súa parte. (5%)

IA 2a: Asume e exerce o seu rol dentro da agrupación.

IA 2b: Mantén conexión visual co grupo e fai uso da comunicación xestual de maneira efectiva.

CA6. Interpretar en público obras de estilos i épocas diversas incorporando todo o traballo técnico-interpretativo levado a cabo. (25%)

CA7. Coñecer e cumprir co protocolo de audición pública (vestimenta axeitada á ocasión, quencemento, colocación no escenario, afianción, preparación, presenza escénica, saúdos). (10%)

3. ACTITUDINAIS(10%):

CA8. Demostrar personalidade artística mostrando o seu propio gusto e criterio e realizando aportacións á interpretación dentro da liberdade que permita o texto. (5%)

CA9. Desenvolver un sentido da responsabilidade, da empatía, da cooperación e do respecto polo traballo alleo.(5%)

9.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.

A ampliación de matrícula ao curso seguinte será solicitado cun mes de antelación, naqueles casos nos que o alumno teña superados os obxectivos e contidos das materias do curso no que se atopa e **sempre que a totalidade do profesorado do alumno esté de acordo**. Os profesores poderán realizar unha Xunta Avaliadora Extraordinaria para estudar o caso concreto.

A concesión de ampliación de matrícula consistirá na interpretación de 3 obras de diferentes estilos ou compositores cunha duración mínima de 5 minutos. Este repertorio será escollido polo examinando dentro do repertorio de música de cámara orixinal ou transcripción. Quedarán excluídas as obras do repertorio de solista con acompañamento de orquestra.

As obras a presentar polo examinando deberán ser consultadas por este co profesor, coa profesora ou co departamento de Conxunto, Música de Cámara... para que se axeiten ao nivel real do curso; de non terse consultado, o profesor ou a profesora da materia valorará o nivel das obras presentadas polo examinando, que, no caso de que non seren acordes ao preceptivo nivel, será a causa principal da non superación do exercicio e, polo tanto, da materia. Cada examinando deberá consultar tódolos apartados pedagóxicos (*obxectivos, contidos, criterios de avalicación, criterios de cualificación...*) do curso ao que se presenta para poder superar a proba correspondente.

Os membros da/s formación/s de Música de Cámara coa/s que o examinando se presente á proba, serán competencia e responsabilidade exclusiva deste. O conservatorio non ten a obriga de proporcionar os medios humanos para o conxunto co que se realizará a devandita proba.

O alumnado que se presente ás probas para obter a ampliación de matrícula será avaliado conforme á programación anterior do curso 2022-23.

9.6. Medidas de recuperación

O igual que ocorre coa metodoloxía, os procedementos que se van a empregar en cada curso, vanse rexer segundo os expostos ao principio da programación, sendo así unha avaliación na que se fará fincapé nun seguimento sistemático do alumnado dende o primeiro día de curso ata o último, a través de recursos teóricos como a explicación de

determinados exercicios e a súa posta en práctica por parte do profesor/a e posteriormente por parte do alumno/a ata conseguir os obxectivos esixidos para cada curso.

Naqueles casos nos que observemos deficiencias, o profesor ou profesora poderá realizar clases de reforzo e información máis continua cos titores do/a alumno/a.

Ó tratarse dunha avaliación continúa as actividades de recuperación serán as mesmas que as actividades de avaliación pero incidindo e aplicando os contidos que estean pendentes derecuperación. A recuperación faise ó longo de todo o curso, reforzando as actividades en aqueles puntos nos que o/a alumno/a presente maior dificultade, servindo deste modo a propia actividade como instrumento de avaliación.

Para os alumnos que teñan a materia pendente de cursos anteriores realizarase un traballo específico que contemple os obxectivos e contidos que aínda precisen ser superados ou mellorados e que poderá constar de actividades de reforzo, modificación das probas do curso ou probas complementarias.

9.7. Procedementos de recuperación ordinarios

Tendo en conta a lexislación, por avaliación continua enténdese a superación progresiva de obxectivos previstos para cada curso do grao profesional. Cando un alumno ou unha alumna non os supere ao longo de todo o ano, elaborárase un informe de recuperación, redactado polo profesor ou pola profesora da materia, no que se recollerán os obxectivos non acadados, os criterios de avaliación e as actividades a realizar polo alumno ou pola alumna para a superación da disciplina na convocatoria extraordinaria.

9.8. Probas extraordinarias

No caso do alumnado que non supere o curso na avaliación final de maio, este terá a posibilidade de presentarse á convocatoria extraordinaria que será organizada polo centro educativo. As obras e requisitos a presentar en dita convocatoria serán os que aparezan no Informe de Avaliación Negativa que se entregará na derradeira avaliación do curso. Esta proba realizarase co grupo que lle corresponda no curso académico ou con outro. En calquera caso, tanto a composición do grupo como o repertorio presentado, debe contar co visto bo do profesor da asignatura.

Os criterios de cualificación a seguir nas **probas extraordinarias** serán os seguintes:

1. Criterios técnicos: 35%
2. Criterios interpretativos: 65%

O profesorado poderá solicitar o asesoramento doutro especialista da materia ou da xefa de departamento para a realización destas probas. Esta función só será de asesorar mediante un informe ao titular da materia que será o que realizará a avaliación das probas extraordinarias.

Puntuación:

Respecto do sistema de puntuación reflectido a través dos boletíns de cualificacións trimestrais e a través da plataforma dixital CentrosNet, a imposibilidade de empregar decimais determina que a cualificación numérica trimestral mudará á nota numérica superior cando o número decimal sexa igual o maior ca 5 (á alza), e á nota numérica inferior cando sexa menor ca 5 (á baixa). Deste modo, só se empregarán números enteiros.

10. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos etc. Todo iso, tendo en conta a idiosincrasia propia do instrumento, así como a individualidade de cada un dos alumnos: o seu grao de compromiso co estudo, facultades, talento, esforzo, interese no estudo do instrumento, realización de ensaios, etc.

Comentaranse regularmente as audicións realizadas polos alumnos, os resultados globais de cada avaliación e calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna. Trasladaranse á comisión de coordinación pedagóxica os puntos que os profesores estimen necesarios. Finalmente revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificaranse criterios para obter o óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental dos alumnos e os grupos .

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso:

partituras, libros de consulta, revistas especializadas, instrumentos e o seu estado (pianos de cola en número suficiente e aulas con dous pianos), mobiliario adecuado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistras, dispoñibilidade de aulas para clases de apoio, número de profesores axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc.; en definitiva, os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita aos profesores e alumnos levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón só dunha forma teórica.

11. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, os profesores revisarán de forma continua o grao de cumprimento da programación así como os resultados académicos dos alumnos, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos propostos, como as características individuais de cada un dos alumnos e conxuntas dos grupos: avaliación inicial, atención nas clases, tempo dedicado ao instrumento e ensaios, condicións, talento, capacidades, etc.

Os profesores informarán aos alumnos e a seus pais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución. Así mesmo , para un bo desenvolvemento da acción tutorial e unha atención individualizada, intentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno e grupo.

Para levar a cabo este proceso e sendo conscentes do amplo número de membros do departamento realizarase a calibración da asigantura do seguinte xeito:

- Escolla dun grupo de música de cámara que será co que realizaremos o proceso de calibración.
- A través do canal Youtube do centro e contando cos permisos de protección de datos necesarios subiremos unha grabación do grupo dunha audición do departamento.
- O medio para facer a calibración será unha rúbrica aprobada polo departamento donde se contemplan tódolos criterios pedagóxicos presentados na programación.

(ANEXO III)

ANEXO I: Recursos didácticos orientativos

A meta da educación camerística é que o alumno sexa capaz de interpretar as obras musicais máis relevantes do repertorio e de facelo co suficiente dominio dos aspectos técnicos e interpretativos relacionados, á vez que mostrando un mínimo de capacidade comunicativa e calidade artística. Pero para alcanzar estos altos fines, hai que centrar a atención no proceso que nos axudará a conseguilo. O obxectivo central da actividade educativa é o desenrolo no alumno e alumna das capacidades necesarias que lle permitan interpretar o repertorio con solvencia e autonomía de criterio, pero non o repertorio en sí mesmo.

Partindo de esta base, é en función dos obxectivos que se pretenden conseguir e dos contidos específicos que se queren traballar, donde a elección el repertorio adquire a súa verdadeira importancia. Ésta debe abordarse con gran atención, nunca recurriendo a unha lista de obras cerrada, a modo de recetario. Con todo, convén manexar un repertorio de referencia aberto, que iremos sometendo a avaliación en función de que contribua ao logro dos obxectivos propostos, introducindo as modificacións necesarias ata adaptalo á realidade do noso medio. Posto que esta realidade tamén experimenta a súa propia evolución, será necesario someter o repertorio a continua avaliación.

VIOLÍN-PIANO

W.A. MOZART	Sonata en sol maior KV 293a (301) Sonata en la maior KV 293 d (305) Sonata en si b maior KV 317 d (378) (una de las tres)
SCHUBERT	Una sonatina
BARTOK	Sonatina
GLAZUNOV (VLA-PN)	Elegía op.44
SCHUMANN	Fairy tales op.113 n1
MILHAUD	Sonata n1
B. HUMMEL	Sonatina n 2

CELLO-PIANO

ROMBERG	Sonata op. 43 n 3
KLENGEL	Sonatina op.48 n 1
P. HINDEMITH	3 pezas fáciles
FAURÉ	Sicilienne, o Elegie

CORDA-PIANO

MOZART	Trío
HAYDN	Trío
SCHUBERT	Notturmo op. 148 o un trío en sib M D. 28
KREUTZ	Trío (con viola)

CUARTETO DE CORDA

BOCCERINI	Cuarteto n 2, op. 10
-----------	----------------------

FRAUTA -PIANO

DONIZETTI	Sonata
DEVIENNE	Sonata n 1 en mi menor
G. FAURE	Sicilienne
BACH	Sonata en sol menor o en mi b mayor

CLARINETE-PIANO

HONEGGER	Sonatina
SAINT-SAENS	Sonata
MALCOM ARNOLD	Sonatina
RICHARDSON	Roundelay

OBOE-PIANO

SCHUMANN	Romanzas o Adagio y Allegro
MILHAUD	Sonatina op. 388
NIELSEN	Humoresque y romanze
BACH	Sonata

TROMPETA-PIANO

MARTINU	Sonatina
FELD	Intermezzo
BITSCH	Fantasietta
HAENDEL	Sonata
BOZZA	Arlequinade

TRÍO VENTO-PIANO

SCHMITT	Sonatina 85 (fl., cl.,pf.)
KREUTZER	Trío op 43 (fg.,cl.,pf.)

SAXOFÓN Y PIANO

PH. GAUBERT	Intermède Champêtre
D. JOLY	Cantinele et Danse
CH. KOECHLIN	15 estudios para saxofón y piano

SAXOFÓN E PERCUSIÓN

CH. BESTOR	Suite para saxofón e percusión
E. KOPETZKI	Spanish songs para saxofón alto y marimba

CUARTETO DE SAXOFÓNS

J.B. SINGELÉE	Grand Quatuor Concertant
J. CRAS	Danse para cuarteto de saxofóns

VENTO-CORDA-PIANO

MILHAUD	Trío (vl.,cl.,pf.)
MOZART	Trío KV 498 (cl.,vla.,pf.)
HAYDN	London tríos (fl.,vl.,vlc.)
P.ANGERER	Chanson Gaillarde (vi.fag.pf.)

QUINTETO DE METAIS

FRACKENPOHL Columbia - Greene March
B.MAYER Mexican Folk Medley

F.MENDELSSOHN Tarantela

PIANO 4 MANS

CASELLA Pagine di guerra, o Pupazzetti.
BRAHMS Danzas Húngaras (3 a elegir)
DEBUSSY Petite suite
SATIE La Belle excentrique

GUITARRA

GIORDANI Sonata en la menor (con piano)
DIABELLI 6 pezas fáciles (con piano)
BLAVET Sonata op 2 n 2 en re menor (con flauta)
STRAVINSKY 4 pezas (con flauta)
BARRIO 7 pezas (4 guitarras)
RODRIGO Dúas pezas cabalerescas (4 guitarras)
CARULLI Cuarteto (4 guitarras)

CANTO

MASSENET Dúos
Trío para
soprano
Poema das
froles
CORNELIUS Poemas para dous sopranos e soprano e tenor
SCHUMANN Dúos para dous sopranos
Op. 79 Drei lieder Op. 114
Dúos, tríos e cuartetos Op. 141

MENDELSSOHN	Drei lieder op. 63 e Op.77
CARISSIMI	Dúos para dúas sopranos
BRAHMS	Dúos para barítono e alto

ACORDEÓN

BERNHARD ROVENSTRUNCK	Spuren (2 guitarras e acordeón)
PATRICK BUSSEUIL	Derriere la fenetre (acordeón e percusión)
ASTOR PIAZZOLLA	Tango Sensations

GAITA

PEDRO LAMAS	Lila
ANÓNIMO	Aires da xota galega

ANEXO II: Probas de Acceso a 3º, 4º, 5º e 6º de Grao Profesional

En tódalas especialidades as probas consistirá na interpretación, co instrumento da especialidade a que se opte, dunha obra de libre elección. Esta obra será escollida do repertorio de Música de Cámara , e deberá correr por conta do examinando o acompañamento necesario para a súa interpretación.

Nas Probas de Acceso de 3º a 6º G.P., nas probas Instrumentais, como mínimo, unha das obras que presenta, deberá ter unha formación, de a lo menos, dúas persoas e a súa duración será superior a 5 minutos (os/as aspirantes deberán consultar as programacións das probas de acceso das demais materias do curso ao que desexa realizar a proba).

As obras a presentar polo examinando deberán ser consultadas por este co profesor , coa profesora ou co departamento de Conxunto, Música de Cámara... para se axeiten ao nivel real do curso; de non terse consultado, o profesor ou a profesora da materia valorará o nivel das obras presentadas polo examinando, que, no caso de que non seren acordes ao preceptivo nivel, será a causa principal da non superación do exercicio e, polo tanto, da materia. Cada examinando deberá consultar todos os apartados pedagóxicos (*obxectivos, contidos, criterios de avalicación, criterios de cualificación...*) do curso ao que se presenta para poder superar a proba de acceso correspondente.

Os membros da/s formación/s de Música de Cámara coa/s que o examinando se presente á proba, serán competencia e responsabilidade exclusiva deste. O conservatorio non ten a obriga de proporcionar os medios humanos para o conxunto co que se realizará a devandita proba, tal como o indica a Lei.

Seguindo as instrucións da Orde do 28 de xullo de 2008, publicada no D.O.G. do 18 de agosto de 2008 no seu capítulo III, artigo no 9, a lei di: "(...) No caso de que a proba de acceso requira da participación dalgún tipo de acompañamento musical, ben sexa pianístico ou para música de cámara, este correrá a cargo do/da aspirante á praza (...)

ANEXO III: MODELO DE CALIBRACIÓN -RÚBRICA

RÚBRICA DE INTERPRETACIÓN. MÚSICA DE CÁMARA

ALUMNO/A:

ESPECIALIDADE:

CURSO:

GRUPO:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN RÚBRICA DE INTERPRETACIÓN.	25% (1-4) COMPETENCIA NON SUFICIENTE	50% (5) COMPETENCIA SUFICIENTE	75% (6-7) COMPETENCIA MEDIA	100% (8-10) COMPETENCIA AVANZADA
C. TÉCNICOS				
1. SON (Equilibrio sonoro, afinación, ataques e articulación, empaste)	Non prioriza a atención á calidade dos son nin realiza os axustes requeridos en canto a afinación, igualdade dos ataques/entradas, e da articulación.	Busca permanentemente a calidade do son: permanece pendente da afinación en relación ao grupo, da igualdade dos ataques, e da articulación, pero non realiza os axustes precisos afectando ao resultado/empaste sonoro.	Busca permanentemente a calidade do son: está pendente da afinación e realiza os axustes necesarios en relación ao grupo/contexto, así como na igualdade dos ataques e da articulación, faovorendo o empaste no resultado sonoro	Busca permanentemente a calidade do son: controla a afinación durante toda a interpreación realizando axustes en relación ao grupo e ao contexto, domina e iguala os ataques e entradas adaptaándoos xunto a articulación, ao estilo e a o carácter da peza.
NOTA NUMÉRICA				
2. DINÁMICAS (planos sonoros)	Demostra unhas mínima variedade dinámica no seu instrumento, con dificultades nalgún rexistro, non sendo capaz de adaptala ao grupo e á esixencia interpretativa da obra.	Demostra certa variedade dinámica no seu instrumento e en función da mesma adáptaa ao grupo e á esixencia interpretativa da obra.	Domina unha ampla gama dinámica no seu instrumento e adáptaa ao conxunto e á esixencia interpretativa da obra.	Domina unha ampla gama dinámica en todo o rexistro do seu instrumento e adáptaa sempre con dominio ao conxunto e á esixencia interpretativa da obra.
NOTA NUMÉRICA				

3. AGÓXICA/TEMPO	Manten un tempo inestable. Non é flexible nas progresións rítmicas (accel, rit) non hai unha clara coordinación grupal nas entradas e finais de frase.	Manten un tempo uniforme. Acelera e retrasa cando así se require, coordinando as entradas e finais con certa seguridade.	Mantén un tempo uniforme. Acelera e retrasa cando así se require, coordina as entradas e finais con xestos claros, seguridade i exactitude.	Mantén un tempo uniforme e flexible en favor do fraseo. Acelera e retrasa cando así se require, coordina as entradas e finais con xestos claros, seguridade i exactitude. Encadena seccións ou movementos coa agóxica
NOTA NUMÉRICA				
4.AUTONOMÍA/ SEGURIDADE	Non mostra autonomía na resolución de dificultades durante a interpretación, orixinando interrupcións e tropezos	Demuestra certa autonomía na resolución de dificultades durante a interpretación pero repercute no resto do discurso musical.	Demuestra autonomía na resolución de dificultades durante a interpretación afectando levemente ao resto do discurso musical.	Aporta seguridade e solidez ao grupo, resolvendo con gran solvencia os contrastes técnicos surtidos durante a interpretación sen afectar ao resto do discurso.
NOTA NUMÉRICA				
C. INTERPRETATIVOS				
1. ESTILO/ELEMENTOS MUSICAIS	Non adapta a interpretación ao estilo, non ten en conta o fraseo e a organización interna dos elementos musicais.	Adapta sutilmente a interpretación ao estilo, pero sen unificación de criterio en relación ao grupo. Mostra certa comprensión do fraseo e da microforma.	Adapta a interpretación ao estilo e ten en conta a organización do fraseo, aínda que demasiado pedente das indicacións escritas.	Adapta excelentemente a interpretación ao estilo, comprende o fraseo e a organización interna dos elementos musicais, conferindo ao grupo musicalidade e bo gusto na interpretación.
NOTA NUMÉRICA				
2. EXPRESIVIDADE	Non demostra ningunha capacidade expresiva e comunicativa, a súa interpretación é mecánica e non transmite expresividade nin emoción ao longo da execución	Desmotra pouca capacidade expresiva e comunicativa aínda que logra transmitir certa expresión ao longo da execución.	Demuestra capacidade expresiva e comunicativa, aínda que lle custa plasmar esa emoción na interpretación.	Consegue expresarse a través da linguaxe da música e transmitir emoción na súa interpretación, é altamente comunicativo.

NOTA NUMÉRICA				
3. COMUNICACIÓN XESTUAL/COORDINACIÓN GRUPAL	Non mostra conexión visual nin sabe empregar os xestos necesarios para a concertación.	Mostra pouca conexión visual e emprega a comunicación xestual, pero non resulta clara nin eficaz na concertación grupal.	Mostra conexión visual co grupo, coñece e emprega os xestos, pero falta claridade e liderazgo.	Mostra unha permante conexión visual e xestual co grupo, aportando liderazgo e seguridade a conertación.
NOTA NUMÉRICA				
4. ROL DENTRO DA AGRUPACIÓN	Non coñece o seu propio rol dentro da agrupación segundo as esixencias da interpretación. Cando asume a responsabilidade da agrupación non o fai con seguridade nin con capacidade de liderazgo. Non ten coñecemento global da partitura.	Coñece o seu rol dentro da agrupación segundo as esixencias da intepretación. Actúa como responsable do grupo, pero a súa dirección non é clara (demasiado pendente da súa parte). Non ten un coñecemento global da partitura.	Coñece o seu propio rol dentro da agrupación segundo as esixencias da interpretación. Actúa como responsable do grupo dirixindo a interpretación conxunta peo non ten un coñecemento global da partitura.	Coñece perfectamente o rol a desenvolver na agrupación segundo as esixencias da interpretación, actuando como responsable do grupo e dirixindo a interpretación conxunta mentras executa a súa parte con seguridade. Ten un coñecemento global da partitura.
NOTA NUMÉRICA				
5. PROTOCOLO DE AUDICIÓN PÚBLICA	Non coñece o protocolo do concerto	Coñece o protocolo do concerto público, pero esquece algunha das súas cosideracións.	Coñece e cumpre co protocolo de audición pública, (vestimenta axeitada, quencemento, colocación, afinación, preparación, presenza escénica, saúdos...)	Coñece e cumpre co protocolo de audición pública, mostrando interese e esforo no seu cumprimento (vestimenta axeitada, quencemento, colocación, afinación, preparación, presenza escénica, saúdos...)
NOTA NUMÉRICA				